

FERIA DO REQUEIXO E MEL 2026

Declaración Responsable. Anexo I

DATOS DO SOLICITANTE (persoa física):

Don/a con DNI

n.º con enderezo en

..... teléfono e email

DATOS DO SOLICITANTE (persoa xurídica):

Razón social con CIF

n.º con enderezo en

..... teléfono e email

EXPOÑO: Conforme ao artigo 69.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entenderase por comunicación aquel documento mediante o cal os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos ou calquera outro dato relevante para o inicio dunha actividade ou o exercicio dun dereito. As declaracións responsables e as comunicacións permitirán o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as administracións públicas.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

a) Que coñezo e cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente, comprometéndome a manter o seu cumprimento durante o tempo de vixencia da autorización. Especialmente, os prestadores estranxeiros, nacionais de países que non sexan membros da Unión Europea, declaran que cumpren coas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo por conta propia. Estar en posesión da documentación que acredite a vixencia dos permisos preceptivos para o inicio da actividade durante o período que comprenda a autorización, comprometéndose á renovación daqueles permisos cuxa vixencia venza durante o exercicio da autorización e que sexan necesarios para o seu exercicio.

b) Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- c) Que está ao día nas súas obrigas co Concello de As Neves.
- d) Que cumpre coas condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- e) Que está en posesión, se é o caso, do certificado acreditativo de formación en materia de manipulación de alimentos (carné de manipulador de alimentos), tanto o solicitante como as persoas que presten servizo no posto.
- f) Que subscribiu, no momento en que lle sexa comunicada a autorización para a instalación do posto, a póliza do seguro de Responsabilidade Civil Xeral polos riscos derivados das actividades a realizar, polos posibles danos a terceiros e ao persoal que preste os seus servizos, así como ao público asistente, se é o caso.
- g) Que cumpre coas medidas de seguridade e condicións de seguridade esixidas na normativa aplicable, ou está en posesión da documentación ITV ou documento análogo de idoneidade do posto.
- h) Que coñece as medidas sanitarias de prevención aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia e que se compromete a cumprir coas restricións que estean vixentes no momento da celebración da Feira.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable poderá dar lugar, se é o caso, á revogación da autorización do posto para a venda ambulante na Feira do Requeixo e Mel, así como ás sancións administrativas correspondentes ou de calquera outra índole que procedan.

En As Neves, a _____ de _____ de 2026

Asinado: _____